

RESOLUCIÓN DE ARCHIVO (Expte. RA-7/2008, SEGURO DE DECESOS)

Pleno

Sres.:

D. José Antonio Varela González, Presidente
D. Fernando Varela Carid, Vogal
D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

En Santiago de Compostela, 27 de maio de 2008.

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC), coa composición indicada máis arriba e sendo Relator D. Alfonso Vez Pazos, vogal, ditou a seguinte resolución no Expediente RA-7/2008, Seguro de decesos (Expediente 3/2008, do Servizo Galego de Defensa da Competencia, en diante SGDC), tras examinar a proposta de arquivo efectuada polo SGDC, en escrito de data 14 de abril de 2008, das actuacións efectuadas en virtude da denuncia presentada por D. G. P. M., contra Ocaso, S.A. solicitando que se obrigue a dita compañía a cesar nos métodos fraudulentos denunciados e que deixe de atacar o bo nome tanto do denunciante como da compañía aseguradora "La Corona, S.A.".

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Con data 19 de febreiro de 2008 recibíuse no SGDC un escrito de denuncia presentado por D. G. P. M. contra Ocaso, S.A.

Tal e como resume o SGDC, a conduta denunciada consistiu en que tras unha comunicación do denunciante á compañía de seguros Ocaso, S.A., informando de que se daban de baixa como asegurados 102 persoas que tiñan contratados seguros de deceso: "*Ocaso, S.A., mediante axentes enviados aos municipios de Melide, Toques e Santiso, onde residen os asegurados, intentou que anularan a súas solicitudes de baixa mediante métodos inapropiados*", entre os que se citan o de esixirlles "*con ameazas de reclamación xudicial o pago dos recibos correspondentes ás mensualidades de xaneiro e febreiro de 2008*".

2.- Ao abeiro do disposto no artigo 49.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, o SGDC iniciou unha información reservada, co

obxecto, en primeiro lugar, de coñecer se a conduta denunciada podería afectar a un ámbito superior ao da Comunidade Autónoma de Galicia. Con esta finalidade solicitou información a Ocaso, S.A., que remitiu escrito de contestación en data 7 de marzo de 2008.

Segundo a denunciada, despois de recibir as fotocopias de 102 cartas de baixa asinadas polos tomadores dos seguros, púxose en contacto cos interesados, mediante entrevistas persoais. Ademais indica que a conduta do Sr. Pazo Montero é o que se chama un “pase de carteira” en favor de La Corona, coa que o citado señor ten asinado un contrato de axente de seguros. Finalmente, a compañía informa de que vai a exercer accións xudiciais contra o denunciante e a súa dona, por infracción da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, e da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal.

3.- Á vista de toda a documentación recadada, o SGDC considerou que a competencia para coñecer do asunto lle correspondía ás autoridades de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os puntos de conexión establecidos na Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de Coordinación das Competencias do Estado e as Comunidades Autónomas en materia de Defensa da Competencia, criterio que foi compartido pola Dirección de Investigación, da Comisión Nacional da Competencia (CNC).

4.- Tras analizar a denuncia e as alegacións da denunciada, o SGDC solicitou á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, da Consellería de Economía e Facenda, á que lle corresponde o exercicio das competencias autonómicas en materia de mediación de seguros, información sobre a constancia rexistral das actividades como mediadores de seguros de don Gerardo Pazo Montero e dona María del Buen Suceso del Nozal Sánchez. Esta última aparece no Rexistro de Mediadores de Seguros da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, do Ministerio de Economía e Facenda, como axente exclusivo de Ocaso, S.A. e de Eterna Aseguradora, S.A., empresa tamén do grupo Ocaso. O denunciante, polo contrario, non aparece inscrito como axente de ningunha compañía.

5.- Tralas actuacións practicadas, con data 14 de abril de 2008, o SGDC elevou a este Tribunal a proposta de non incoar procedemento sancionador derivado da presunta realización das condutas prohibidas nos artigos 1, 2 y 3 LDC, co arquivo das actuacións, no expediente iniciado trala denuncia presentada por don Gerardo Pazo Montero contra Ocaso, S.A.

6.- Este Tribunal deliberou e pronunciouse sobre este asunto na súa reunión do 16 de maio de 2008.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A Lei 15/2007 de Defensa da Competencia establece no artigo 49.3 que o Consello da Comisión Nacional de Competencia poderá acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización de condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 LDC, e o arquivo de actuacións cando considere que non hai indicios de infracción da Lei. En virtude da Disposición Adicional Oitava da mesma Lei 15/2007, esta facultade está atribuída tamén aos órganos de resolución das Comunidades Autónomas con competencia na materia, no caso de Galicia, este Tribunal.

SEGUNDO.- A cuestión que, entón, debe resolver o TGDC é se acepta a proposta do SGDC de non incoar procedemento neste expediente e proceder ao arquivo das actuacións ou, pola contra, ordenar a incoación dun procedemento por considerar que existen indicios de prácticas contrarias á LDC, a partir da denuncia presentada ou da información achegada polo Servizo.

TERCEIRO.- O artigo 6 da Lei 26/2006, de 17 de xullo, xa citada, sinala que: *“Os mediadores de seguros, antes de iniciar a súa actividade, deberán figurar inscritos no Rexistro especial administrativo de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos...”*. Por lo tanto, como cuestión previa, o denunciante no tería ningunha lexitimación para comunicar a Ocaso as solicitudes de baixa dos seus asegurados en Melide, Toques y Santiso, xa que non lle correspondía ningunha labor de mediación nos seguros contratados con esa compañía.

Asemade, si exerce unha actividade de axente de seguros de La Corona, S.A., tal e como se deduce dos feitos, non cumpriría co requisito legal de inscrición no correspondente rexistro, tal e como esixe a normativa aplicable.

CUARTO.- Aparte desa falta de lexitimación do denunciante para intervir como axente de seguros en representación da firma denunciada, este Tribunal considera que a análise deste expediente debe efectuarse baixo a consideración do artigo 3 LDC que sinala que as autoridades de competencia coñecerán dos actos de competencia desleal que por falsearen a libre competencia afecten ao interese público.

Tal como mostra extensamente a doutrina tanto do extinto Tribunal de Defensa de la Competencia como a da actual Comisión Nacional de Competencia, o precepto anterior obriga a someter as condutas susceptibles de análise ao cumprimento dos

requisitos de existencia de competencia desleal e de afectación do interese público que derive do falseamento da libre competencia.

No presente caso, este Tribunal non aprecia afectación da libre competencia nin dano do interese público, polo que non cabe aplicar o citado artigo 3 LDC, aínda no suposto remoto de que se chegase a considerar a existencia de competencia desleal nas circunstancias examinadas, polo que só cabe admitir a proposta de non incoación do SGDC e proceder ao arquivo das actuacións practicadas ata agora.

Vistos os preceptos citados e os demais de xeral aplicación, este Tribunal

RESOLVE

ÚNICO.- Admitir a proposta do SGDC de non incoar expediente sancionador polas condutas denunciadas por D. G. P. M., contra Ocaso, S.A., ao non se apreciaren indicios de infracción da Lei de Defensa da Competencia, e acordar o arquivo das actuacións iniciadas polo Servizo Galego de Defensa da Competencia.

Comuníquese esta Resolución ao SGDC e notifíquese aos interesados, facéndolles saber que contra a mesma non cabe recurso algún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir da data de notificación desta Resolución.